

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE IGUALDADE, POLÍTICAS SOCIAIS, FAMILIA E RETO DEMOGRÁFICO CELEBRADA O DÍA 21 DE NOVIEMBRO DE 2025

PRESIDENTE: Dona Paula Bouzós Barros

VOGAIS:

Don Juan Pablo Castillo Amigo
Dona Luisa María Sánchez Méndez
Don Rafael Domínguez Artime
Don Jorge Cubela López
Don Ricardo Martínez Chantada
Dona María Pilar Ramallo Vázquez
Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
Don Jesús Vázquez Almuiña
Don Paco Ferreira González
Don Gregorio Luis Agís Gómez
Dona Digna Rosa Rivas Gómez
Don Gorka Gómez Díaz
Dona Nuria Rodríguez Rodríguez
Don Javier Iglesias Mougán
Dona María Manuela Rodríguez Pumar
Dona María Ortega Iñarrea

En Pontevedra, sendo a doce horas e quince minutos do día 21 de novembro de 2025, reúnen-se na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona Paula Bouzós Barros, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico

Actúa como Secretaria, Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, coordinadora xeral do Centro Príncipe Felipe.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 24 DE OUTUBRO DE 2025 (Expediente 2025069253)

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión extraordinaria celebrada o día 24 de outubro de 2025.

2. MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN A REVERTER OS RECORTES NA ÁREA DE IGUALDADE E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS (Expediente 2025075625)

O Grupo Provincial do PSdeG-PSOE presentou o día 18 de novembro de 2025, co número de rexistro WEB2025079590, unha moción asinada pola voceira do Grupo Provincial Socialista, D^a. Ana Laura Iglesias González, para o seu debate e votación no Pleno, co seguinte teor literal:



"MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN A REVERTER OS RECORTES NA ÁREA DE IGUALDADE E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 25 de novembro conmemórase o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, unha data que nos lembra a obriga institucional, social e política de loitar contra todas as formas de violencia machista, así como de garantir políticas públicas estables, ambiciosas e dotadas de recursos suficientes que avancen cara a unha sociedade verdadeiramente igualitaria.

A Violencia de Xénero é a expresión máis extrema dunha desigualdade histórica. É unha violación de dereitos humanos, un ataque directo aos valores democráticos e á dignidade das mulleres, polo mero feito de selo. Trátase dunha violencia estrutural dirixida cara ás mulleres polo mero feito de selo. Non é un fenómeno illado. É un problema de Estado e combatalo non é só unha responsabilidade política, senón un imperativo ético.

Por iso unha administración pública responsable debe actuar con determinación, compromiso e firmeza, reforzando servizos, acompañamento, prevención e sensibilización. Por iso resulta especialmente preocupante o retroceso que se está producindo na Deputación de Pontevedra desde a chegada do actual goberno provincial do Partido Popular.

A Área de Igualdade da Deputación converteuse nun exemplo claro do desmantelamento progresivo das políticas públicas de igualdade. É, literalmente, unha auténtica vergoña que desde o goberno provincial se afirme que se incrementan os recursos nunha área que debería ser estratéxica, cando os datos evidencian de maneira rotunda o contrario.

Co anterior goberno progresista, a Igualdade e a Loita contra as Violencias Machistas representaban case o 1,20% do orzamento total da Deputación. Co actual goberno do PP esta cifra cae ao 0,88%, unha porcentaxe que está moi lonxe do compromiso e da prioridade que debería ocupar esta materia.

A situación agrávase ao analizar as partidas concretas:

- *Proxectos de Promoción da Igualdade: o goberno progresista destinaba 920.000 €; o PP redúceos a 675.000 €.*
- *Subvencións a entidades sen ánimo de lucro que fomentan a igualdade e a loita contra as violencias machistas: pasamos de 345.760 € a 300.000 €, recortando apoio ao tecido asociativo que sostén boa parte do traballo real e diario nesta materia.*



- *Premios a Traballos de Fin de Grao e Fin de Mestrado con perspectiva de xénero: primeiro retiraronlle o nome da muller referente que se homenaxeaba, Sofía Novoa Ortiz; este ano directamente elimínase a partida: 0 euros.*
- *Actos institucionais de condena da violencia machista: en 2025 esta partida desaparece completamente. O goberno provincial ten a desvergoña de suprimir o único crédito destinado a actividades específicas de condena pública da violencia machista.*

Todos estes recortes non son decisións neutras nin técnicas: son opcións políticas. Revelan unha absoluta falta de sensibilidade, responsabilidade e compromiso coa igualdade e coa loita contra as violencias machistas, nun momento no que é máis necesario ca nunca reforzar os recursos e o apoio institucional ás mulleres.

Diante de todo isto, o Pleno insta á Deputación ao cumprimento dos seguintes

ACORDOS

- 1. A Deputación de Pontevedra recoñece publicamente o 25 de novembro como Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, reafirmando o seu compromiso firme e inequívoco coa igualdade e coa erradicación de todas as formas de violencia machista.*
- 2. Instar ao goberno provincial a reverter os recortes aplicados na Área de Igualdade e a recuperar, como mínimo, o nivel de investimento existente coa anterior administración provincial, garantindo que a área recupere un peso orzamentario acorde coa súa importancia estratéxica”.*

Sometida a votación a devantida moción, obtívose o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor (6),** do grupo provincial do PSdeG-PSOE
- 2. Abstención (2)** do grupo provincial do BNG.
- 3. En contra (9)** do grupo provincial do Partido Popular.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico ditamina desfavorablemente a moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa á esixir á Deputación de Pontevedra para que reverta os recortes na área de igualdade e outros acordos complementarios, cos votos en contra das deputadas e deputados do Partido Popular, a abstención do grupo provincial do BNG e os votos a favor do grupo provincial do PSdeG-PSOE.



3. DAR CONTA DA APROBACIÓN DA RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E CONSTITUCIÓN DA LISTA DE AGARDA DO PROGRAMA +BENESTAR 2025. (Expediente 2024066968)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da aprobación da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, adxudicación de prazas e constitución da lista de agarda do Programa +BENESTAR 2025, cuxo contido literal é o seguinte:

"DATOS DE INTERESE

- *Bases reguladoras aprobadas na Xunta de Goberno na súa sesión do 13 de decembro de 2024 (acordo núm.4.34468), que foron modificadas na súa sesión ordinaria do 28 de marzo de 2025 (acordo núm. 21.34984)*
- *Publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) número 92 do 16 de maio de 2025.*
- *Prazo de solicitudes: do 19 de maio ao 6 de xuño de 2025*
- *Dotación: douscentos vinte e un mil setecentos (221.700,00) euros, con cargo á aplicación 25/231.2311.227.07*
- *Xestión, execución e desenvolvemento: empresa Halcón Viajes (prorroga contrato por acordo da Xunta de Goberno de data 28 de marzo de 2025 (núm. 27.34990))*

1. ANTECEDENTES

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas de inclusión e benestar social a través da convocatoria de programas que melloren a calidade de vida das persoas e promovan a participación e cohesión social da poboación da provincia. .

Esta institución leva a cabo a organización de actividades dirixidas a persoas maiores de 55 anos, xubiladas e pensionistas, coa finalidade de favorecer o envellecemento activo das persoas maiores, fomentar a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia e evitar así o illamento e as situacións de soidade non desexada.

A corporación provincial, no exercicio das súas competencias, promove o programa termal + Benestar cun claro obxectivo social, xa que lles facilita o acceso ao turismo de saúde a persoas que doutro modo non poderían beneficiarse da súa dobre función, como período de vacacións e como tratamento sanitario, que ademais contribúe á sostibilidade económica da provincia.



O programa ten un gran arraigo dentro das actuacións termais que a Deputación de Pontevedra ven desenvolvendo na área de persoas maiores (anteriormente SAÚDE E BENESTAR e DEPOTERMAL), a través dos cales se recibían unha media de preto de 4.000 solicitudes cada ano, así como o forte arraigo na provincia ao desenvolverse deste hai máis de 15 anos, o que constitúe unha proba do interese público deste tipo de actividades.

2. CONTIDO

O programa caracterízase por ofrecer unha estancia de seis días e cinco noites (entrada os domingos pola tarde e saída os venres despois de xantar) nun hotel con balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa e con actividades de animación sociocultural.

As persoas solicitantes poderán elixir indistintamente no momento da solicitude calquera dos establecementos ofertados (anexo II), se ben a asignación de prazas estará suxeita a dispoñibilidade.

Ademais da estadía, o paquete comprende pensión completa (coas bebidas incluídas); utilización do spa, do balneario ou doutras instalacións de características similares, un mínimo de dúas horas ao día; e os traslados en autobús.

3. PERSOAS BENEFICIARIAS

O programa "+Benestar" 2025 contará con 2.127 prazas. Poderán beneficiarse del as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- 1) Estar empadroadas na provincia de Pontevedra*
- 2) Ter 55 anos ou máis*
- 3) No suposto de ter menos de 55 anos, deberá darse algunha das seguintes circunstancias:*
 - Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, o que se acreditará coa tarxeta ou co certificado de recoñecemento do grao de discapacidade.*
 - Posuír a condición de pensionista polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.*
 - Ter acreditado, polos servizos sociais comunitarios básicos do seu Concello, un respiro familiar.*
- 4) Non sufrir ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.*
- 5) Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.*
- 6) Poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma.*



4. REXIME ECONOMICO

O plan + Benestar pon en marcha un programa con 2.127 prazas nos seguintes termos:

- 2.097 de réxime xeral; a Deputación subvencionará 100 euros do custo da praza (209.700,00 euros)

- 30 de réxime especial; a Deputación subvencionará un máximo de 400 euros do custo da praza (12.000,00 euros)

Poderán beneficiarse das prazas de réxime especial as persoas que cumpran os requisitos establecidos e carezan de recursos económicos suficientes para facerlle fronte ao seu custo. Se non se cobren as prazas de réxime especial, o crédito retido para estas prazas pasará a incorporarse á concesión de prazas de réxime xeral.

5. PROCEDEMENTO DE CONCESION DAS PRAZAS

Establece que se realizará polo réxime de concorrencia competitiva. O órgano instructor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Benestar Social. A adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno. Excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá concederse mediante resolución presidencial do presidente.

6. RESOLUCIONS

- Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes o 16 de maio de 2025 e tramitados todos os expedientes os datos, aprobouse por Resolución Presidencial núm. RP2025006967 de 21 de agosto de 2025 a relación provisional de persoas admitidas e a relación provisional de persoas excluídas xunto coas causas de exclusión. O 25 de agosto de 2025, publicouse no BOPPO núm. 160 o anuncio relativo a publicación dos listados concedendo as persoas solicitantes un prazo de 5 días hábiles para poder emendar os defectos da súa solicitude. O prazo de emenda foi do 26 de agosto ao 2 de setembro de 2025.

- Rematado o prazo de presentación de emendas, seguindo os criterios de prelación para a adxudicación de prazas segundo as bases, o resultado é o seguinte:

- Total de solicitudes presentadas: 3.776
- Solicitudes admitidas en prazo, tempo e forma: 3.605 das cales:

DESGLOSE DE PRAZAS E SUBVENCION	IMPORTE SUBVENCION/PRAZA	PRAZAS ADXUDICADAS	FINANCIAMENTO TOTAL
PRAZAS DE REXIME ESPECIAL CON VALORACION SOCIAL	400 €	18	7.200,00 € * Crédito sobranter de 4.800,00 € o que permite adxudicar 48 prazas de réxime xeral a maiores.
PRAZAS DE RÉXIME XERAL	100 €	2.145 (2.097 + 48)	214.500,00 €
TOTAL		2.163	221.700,00 €



- *Solicitudes en lista de agarda: 1.442*
- *Solicitudes rexeitadas: 171*
 - o *Fora de prazo: 3*
 - o *Desestimento: 2*
 - o *Non cumpren requisito para ser persoa beneficiaria: 2*
 - o *Non presentan a documentación esixida: 121*
 - o *Presentación de máis dunha solicitude de participación: 43*
- *Mediante R.P núm. RP2025007528 de data 17 de setembro de 2025, apróbase a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, a adxudicación de prazas e a lista de agarda.*

7. INFORMACION RELACIONADA

- o *Relación definitiva de (3.605) persoas admitidas co CSV: MoZEDVGLF52T99UE*
- o *Relación definitiva de (171) persoas excluídas xunto coas causas de exclusión co CSV: 4U3T4QEC5Z9GHRCS*
- o *Relación de 2.163 persoas con praza adxudicada co CSV: M1E3LWXBU4S55698*
- o *Relación das 1.442 persoas en lista de agarda co CSV: MJOQHW7GN4FHPQKT*
- o *WEB. <https://www.depo.gal/gl/web/edepo/-/mais-benestar>*

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

4. DAR CONTA DA APROBACIÓN DA RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, REALIZACIÓN DO SORTEO, ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E CONSTITUCIÓN DA LISTA DE AGARDA DO PROGRAMA LECER EN FAMILIA 2025. (Expediente 2025008471)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da aprobación da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, realización do sorteo, adxudicación de prazas e constitución da lista de agarda do Programa Lecer en Familia 2025, cuxo contido literal é o seguinte:

DATOS DE INTERESE

- ***Aprobación das Bases Reguladoras en XG: 28/03/2025***
- ***Publicación no BOPPO: 24 de abril de 2025***
- ***Prazo de presentación de solicitudes: do 2 ao 16 de maio de 2025***
- ***Dotación: cento setenta e nove mil euros con (179.000,00 €) con cargo á aplicación 25/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.***
- ***Xestión, execución e desenvolvemento: empresa Halcón Viajes (prorroga contrato por acordo da Xunta de Goberno do 30 de maio de 2025)***



1. CONTIDO

Lecer en Familia caracterízase por ofrecer unha estancia dunha noite en fins de semana (venres ou sábado), períodos non lectivos ou vésperas de festivos nun hotel da provincia de Pontevedra que, como mínimo, sexa de 3 estrelas: establecementos hoteleiros de tipo balneario, talaso ou spa, e hoteis de zonas urbanas ou rurais, con réxime de media pensión. A entrada nos establecementos será pola tarde e a saída o día seguinte ao mediodía.

2. PERSOAS BENEFICIARIAS

1. Poderán ser beneficiarias todas as persoas integrantes dunha unidade familiar con menores a cargo que teñan a súa residencia na provincia de Pontevedra.

2. Ademais do anterior, os membros da unidade familiar que desexen participar deberán acreditar o parentesco ata o primeiro grao por consanguinidade e/ou afinidade coa persoa solicitante e estar empadroados no mesmo domicilio. Exceptúase o requisito de empadramento no mesmo domicilio no caso de familias que acrediten unha situación de separación ou divorcio legal.

Para os efectos destas bases, enténdese por unidade familiar a formada pola persoa ou persoas adultas, fillas e fillos ou maiores que convivan de xeito permanente ou temporal coa persoa solicitante.

Así mesmo, terán a consideración de fillas e fillos aqueles que estean en situación de garda con fins adoptivos e en acollemento familiar.

As persoas interesadas deberán reunir, ademais, os seguintes requisitos:

- 1) Non padecer ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.*
- 2) Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.*
- 3) Poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma.*
- 4) No caso de persoas con discapacidade e necesidade de asistencia dunha terceira persoa, será un membro da propia unidade familiar quen prestará os coidados necesarios.*

Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas solicitantes nas que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. REXIME ECONOMICO

O programa oferta 2.957 prazas nas seguintes modalidades:

- 2.907 prazas de réxime xeral: a Deputación subvencionará 60 euros do custo total da praza para as persoas maiores de 12 anos e 30 euros para as de 3 a 12 anos (estas incluídas). O prezo das prazas destas e destes menores será o 50 % do prezo da praza de persoa adulta ou maior de 12 anos, mentres que as e os menores de 3 anos irán de balde.

- 50 prazas de réxime especial: a Deputación subvencionará o 100 % do prezo de adxudicación.



4. PROCEDEMENTO DE CONCESION DE PRAZAS

Segundo a base decimo segunda relativa ao procedemento de concesión das 2.957 prazas (de réxime xeral ou especial) levarase a cabo por sorteo entre as solicitudes definitivamente admitidas que cumpran os requisitos establecidos e ata esgotar o crédito previsto para o programa en cada modalidade. Tendo en conta o anterior, cubrirase inicialmente un máximo de 2.957 prazas e as demais solicitudes que cumpran os requisitos quedarán na lista de agarda.

A adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno. Excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá concederse mediante resolución do presidente.

5. RESOLUCIONS.

- *Rematado o prazo de presentación de solicitudes, que abarcou do 2 ao 16 de maio de 2025, con data 29 de setembro de 2025 publicouse na paxina Web da Deputación de Pontevedra a resolución provisional de persoas admitidas e non admitidas xunto coas causas de exclusión. E concedeuse un prazo de 5 días hábiles que as persoas solicitantes para poder emendar os defectos que motivaron a súa exclusión ou omisión. Dito prazo foi 30 de setembro ao 6 de outubro de 2025.*
- *Con data 14 de outubro de 2025 a deputada delegada da área ditou Resolución Presidencial núm. RP2025008269 aprobando as relacións definitivas das solicitudes do programa e a data do sorteo. A resolución foi publicada na páxina Web. De conformidade co establecido nas bases da convocatoria, enviáuselles ás persoas solicitantes unha mensaxe de texto ao número de teléfono móbil para o seu coñecemento e a consulta dos anexos.*
- *O 15 de outubro de 2025 ás 10.30 horas na Sala de Prensa do Pazo Provincial tivo lugar o sorteo para establecer a orde das persoas que foron definitivamente admitidas para participar no programa. O acto contou coa presenza do Secretario accidental da Deputación de Pontevedra para dar fe do mesmo.*
- *Mediante R.P núm. RP2025008385 de data 17 de outubro de 2025, aprobouse a relación definitiva de persoas admitidas, excluídas, a adxudicación de prazas e a lista de agarda.*
- *Na Xunta de Goberno do 21 de novembro de 2025 darase conta das resolucións relativas ao programa.*

INFORMACION RELACIONADA

- *Relación definitiva de solicitudes admitidas e solicitudes admitidas con algunha persoa non admitida (CSV: VgTSUQ7IXF1QNNMH)*
- *Relación definitiva de solicitudes non admitidas xunto coas causas de rexeitamento. (CSV: VPHJWB7TI9P18094)*
- *Relación de solicitudes con praza adxudicada CSV: VFZ5BQ3YLWZOCPH6*
- *Relación de solicitudes en lista de agarda CSV: VZQ4H7LDFo2PM8AD*



- WEB. <https://www.depo.gal/gl/web/edepo/-/lecer-en-familia>

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

5. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DA II EDICIÓN DOS PREMIOS SOCIAIS (Expediente 2025042721)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da convocatoria da II edición dos Premios, cuxo contido literal é o seguinte:

"DATOS DE INTERESE:

- *Bases reguladoras aprobadas por Resolución Presidencial núm. RP2025008363 de 10 de outubro de 2025.*
- *Publicación no BOPPO de 21 de outubro de 2025.*
- *As bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria da segunda edición dos Premios Sociais da Deputación de Pontevedra no ano 2025.*
- *A finalidade destas bases será recoñecer a traxectoria, o esforzo e o compromiso no marco dos servizos sociais das persoas, entidades e proxectos que traballan no eido social.*
- *As categorías ás que se pode optar aos premios son:*
 - *Premio a toda unha vida profesional no eido social.*
 - *Premio a unha entidade de iniciativa social pola súa traxectoria.*
 - *Premio a un proxecto ou a unha iniciativa polo seu impacto social.*
- *Poderán beneficiarse destes premios sociais as persoas físicas ou xurídicas que reúnan os requisitos recollidos a continuación e que desenvolvan ou desenvolvesen actuacións nalguna das categorías previstas:*
 - *Premio a toda unha vida profesional no eido social: persoas físicas que na data de publicación destas bases estean empadroadas nalgún concello da provincia de Pontevedra.*
 - *Premio a unha entidade de iniciativa social pola súa traxectoria: entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro e legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia con sede social ou delegación na provincia de Pontevedra.*



- *Premio a un proxecto ou iniciativa polo seu impacto social: entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro e legalmente constituídas e inscritas no rexistro público correspondente con sede social na provincia de Pontevedra.*

Todas as persoas físicas ou xurídicas deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

- *O prazo para a presentación de solicitudes será de un (1) mes, contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).*
- *A contía consignada para estes premios ascende a quince mil (15.000,00) euros, con cargo á aplicación 25/231.2313.480.01 do Orzamento provincial.*
 - *Premio a toda **unha vida profesional** no eido social: 3.000,00 euros*
 - *Premio a **tres entidades de iniciativa social** pola súa traxectoria: 6.000,00 euros*
 - Primeiro premio: 3.000,00 euros*
 - Segundo premio: 2.000,00 euros*
 - Terceiro premio: 1.000,00 euros*
 - *Premio a **tres proxectos ou iniciativas** polo seu impacto social: 6.000,00 euros*
 - Primeiro premio: 3.000,00 euros*
 - Segundo premio: 2.000,00 euros*
 - Terceiro premio: 1.000,00 euros*
- *A selección e a concesión dos premios obxecto desta convocatoria realizaranse segundo a proposta dunha comisión de valoración nomeada polo presidente da Deputación de Pontevedra ou pola deputada ou deputado en quen delegue.*
- *Estes premios entregaranse nun acto público, convocado para tal fin, no que se poñerán en valor a traxectoria da persoa premiada e o papel destacado das entidades premiadas.*

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.



6. DAR CONTA DA APROBACIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTUACÍONS NO ÁMBITO SOCIAL PARA O EXERCICIO 2025 (Expediente 2024081305)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico conta da aprobación de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social para o exercicio 2025, cuxo contido literal é o seguinte:

 DATOS DE INTERESE:

- **Bases reguladoras** aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno nº 5.34596 de data 31 de xaneiro de 2025
- **Publicación BOPPO** nº 27 do 10 de febreiro de 2025
- **Prazo de presentación solicitudes:** Do 11 de febreiro ata o 10 de marzo de 2025
- **Dotación:** 500.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/231.2313.480.02
- **Solicitudes presentadas** á convocatoria: 141
- **Aprobación da concesión** en sesión ordinaria da Xunta de Goberno do día 14 de novembro de 2025 mediante acordo nº 4.35765.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, convoca cada ano unha liña de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro có fin de fomentar e promover a realización de actuacións dirixidas aos colectivos que precisan apoio desde o punto de vista social.

Esta liña de subvencións ten un grande arraigo na provincia de Pontevedra, superando o centenar de solicitudes anuais sendo as persoas destinatarias finais ao arredor de 5.000 usuarias e usuarios directos e 15.000 indirectos.

a finalidade serán as actividades e os proxectos de índole social que se desenvolvan na provincia de Pontevedra durante o exercicio de 2025 dirixidos a colectivos que, polas súas circunstancias persoais, psíquicas, físicas, socioeconómicas ou de natureza análoga, se atopen en situación de desvantaxe e vulnerabilidade social.

As subvencións están dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- *Ter a sede social ou unha delegación permanente na provincia de Pontevedra. Entenderase por "delegación permanente" aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realizar as súas actividades.*
- *Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 254/2011, de 23 de decembro. En caso de que a información que conste neste rexistro non estivese actualizada, a entidade solicitante*



deberá comunicalo e achegar a información necesaria.

- Carecer de fins de lucro e ter obxectivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención, segundo os seus estatutos.*
- Estar ao corrente de pago no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*
- Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.*

A xestión e a concesión das subvencións realizase a través do procedemento de concorrência competitiva. Para calcular a contía da subvención emprégase un algoritmo no que se teñen en conta a dispoñibilidade orzamentaria e os criterios de valoración previstos na base décimo segunda da convocatoria.

A instrución do procedemento de concesión correspóndelle á xefa do Servizo de Benestar Social, quen realizou de oficio cantas actuacións estimou necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos e da documentación, así como a avaliación das solicitudes conforme os criterios, as formas e as prioridades de valoración establecidos na convocatoria.

O órgano instructor emite informe proposta en data 15 de outubro de 2025 (CSV TJFAM1IGVBH1NgZ4) no que se recolle a valoración das solicitudes segundo os criterios de concesión e no que se detalla o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención coa súa contía (CSV TDIO321UT2KQ7AoV), e no caso das excluídas, o motivo.

Con data 16 de outubro de 2025, Intervención emite informe favorable (CSV: YB1JZLBDGOY323VP) sobre a tramitación do expediente, deixando constancia da existencia de crédito dispoñible para facer fronte a este gasto por importe de 500.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 25/231.2313.480.02 do vixente orzamento provincial, onde existe crédito autorizado (ARC nº 12025000018164), e indicando que o órgano competente para a concesión das subvencións e disposición do gasto será a Xunta de Goberno, segundo a base 16.2 das aprobadas para a execución do vixente Orzamento Provincial.

Avaliado o informe proposta, fiscalizado pola Intervención, a Comisión de Valoración con data 16 de outubro de 2025 emitiu acta (CSV: JA3W2ES3l1OY682D), na que propoñía a concesión ou a desestimación das solicitudes tramitadas

Unha vez recibido o informe da Comisión de Valoración, o órgano instructor formulou proposta de resolución provisional (CSV: 8l2RMOSPWC5V9KLo e 56LXL2LX4PWGEQUO) das entidades beneficiarias, das excluídas e da aceptación das desistencias da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social en 2025.



Con data 22 de outubro de 2025, BOPPO N°202, foi publicado o anuncio da proposta de resolución provisional da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social para o exercicio 2025, de acordo cos termos establecidos no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Rematado o prazo outorgado de dez (10) días naturais para formular alegacións á resolución provisional e efectuados os axustes derivados das alegacións e renuncias, formúlase a proposta de resolución definitiva, que contén a relación de entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e o seu importe, e na que se especifica a avaliación dos proxectos e os criterios de valoración empregados, para os 122 expedientes propostos, que figuran na relación (RELAC/2025000072), e que supoñen o reparto de 500.000,00 euros con cargo á aplicación 25/231.2313.480.02.

Con data 06 de novembro de 2025 intervención emite informe favorable do expediente (CSV: LT7ACKBRNMo824L).

De acordo có exposto, considerando que o órgano competente para a aprobar a concesión de subvencións é a Xunta de Goberno, de conformidade co establecido na base 13.4 da convocatoria, **a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:**

1º.- Admitir as desistencias presentadas:

Nº	Nº EXTE	NIF	NOME ENTIDADE
1	2025008264	G36791960	PLAN COMUNITARIO DE TEIS
2	2025011315	G36899375	FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS
3	2025012862	G36119253	ASOCIACIÓN LAR PRO SALUD MENTAL DE FAMILIARES, AMIGOS Y ENFERMOS MENTALES
4	2025012606	G36341113	ASOCIACIÓN DE MAIORES DE PONTEAREAS

2º.- A aceptación da renuncia presentada pola entidade **DALLE QUE DALLE SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, con NIF F94096021(Expte. 2025012657).**

3º.- Admitir as alegacións presentadas polas seguintes entidades:

- **ASOCIACIÓN CONSEJO ESPAÑOL PARA LA DEFENSA DE LA DISCAPACIDAD Y LA DEPENDENCIA DE GALICIA – CEDDD GALICIA**, con NIF G55429922, (Expte. 2025012913) atendendo a que as actuacións propostas perseguen un interese social na procura da mellora da calidade de vida das persoas pertencentes a un colectivo en situación de vulnerabilidade



social como é o das persoas con discapacidade, polo que se entende que o proxecto proposto non incumpre o establecido nas bases reguladoras da convocatoria.

- **ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RIAS BAIXAS PONTEVEDRA**, con NIF G94074051, (Expte. 2025012053) ao considerar xustificado mediante certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria que a entidade atopábase ao corrente das súas obrigas tributarias na data na que o servizo de Benestar Social realizou a consulta cuxo resultado negativo motivou o rexeitamento da solicitude na resolución provisional.

4º.- A aprobación da concesión das subvencións dirixidas a 122 entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social, que se detallan no documento anexo RELAC/2025000072 (CSV: NU4OTLO3R1Z50QYC), por un importe total de 500.000,00 euros con cargo á aplicación 25/231.2313.480.02 do vixente orzamento provincial, para o que existe crédito autorizado (ARC nº 12025000018164).

5º.- Desestimar as 14 solicitudes que se detallan a continuación con indicación da súa causa:

Nº	Nº EXPTE.	NIF	NOME ENTIDADE	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	2025012011	G36012128	ASOCIACIÓN JUAN XXIII	Non presentación do proxecto descriptivo da actividade para a que solicita subvención-Base décima
2	2025011322	G36622835	ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS DE VIGO	Non presentación do proxecto descriptivo da actividade para a que solicita subvención-Base décima
3	2025008833	G27820182	ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE MENORES E MOCIDADE TRANS DE GALICIA ARELAS	Solicitude non presentada mediante o procedemento específico-Base sétima
4	2025012751	G36730059	ASOCIACIÓN GALEGA DE XOGADORES ANÓNIMOS	Solicitude non presentada mediante o procedemento específico-Base sétima
5	2025013180	G94061355	ASOCIACIÓN DÉFICIT DE ATENCIÓN E HIPERACTIVIDAD Y	Non cumprir requisitos: base cuarta



			NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOYO EDUCATIVO DE PONTEVEDRA, ADAHPO-ATDAHYNÉ	
6	2025012591	G56513914	ASOCIACIÓN SON DAS FLORES	Non cumprir requisitos: base cuarta
7	2025008477	G27852375	ASOCIACIÓN DISCAMINO DE SANTIAGO	Non cumprir requisitos: bases cuarta, quinta e novena
8	2025012924	G36591832	ASOC. SOLIDARIDAD SAN ROQUE	Non cumprir requisitos: base cuarta e décima
9	2025012649	G36242071	FUNDACIÓN GALEGA CONTRA O NARCOTRÁFICO	Non ser obxecto de subvención o proxecto presentado: bases primeira e quinta
10	2025008282	G36724524	ASOCIACIÓN ANPA OUTEIRO DO SINO	Non ser obxecto de subvención o proxecto presentado- Bases primeira e quinta
11	2025006326	G15784978	INSTITUTO GALEGO DE XESTIÓN PARA O TERCEIRO SECTOR, IGAXES	Duplicidade
12	2025012044	G70394374	FUNDACIÓN INGADA	Duplicidade
13	2025013182	G94089620	ASOCIACIÓN DE ENFERMOS DE ARTRITE DE PONTEVEDRA, ASEARPO	Duplicidade
14	2025013193	G94084456	ASOCIACIÓN CULTURAL GALICIA FIDDLE	Non acadar a puntuación mínima de 40 puntos – Base décimo segunda



Relación de entidades por Concellos:

CONCELLO	ENTIDADES SUBVENCIONADAS EJERCICIO 2025	CONTÍA TOTAL POR CONCELLO
BUEU	1	5.364,97€
CANGAS	7	30.544,55€
CRECENTE	1	4.582,74€
A ESTRADA	3	13.228,96€
A GUARDA	2	10.343,80€
LALÍN	5	17.395,78€
MARÍN	1	3.610,43€
MOS	2	7.367,89€
NIGRÁN	1	4.729,12€
PAZOS DE BORBEN	1	4.062,14€
PONTEAREAS	2	9.101,90€
PONTEVEDRA	17	69.441,22€
O PORRIÑO	1	4.870,20€
REDONDELA	4	11.800,47€
SALCEDA DE CASELAS	1	3.589,23€
SANXENXO	1	2.832,84€
TOMIÑO	2	10.464,98€
TUI	3	13.072,64€
VALGA	1	3.439,54€
VIGO	57	238.131,81€
VILAGARCÍA DE AROUSA	8	28.512,39€
VILANOVA DE AROUSA	1	3.512,40€

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.



7. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce e vinte minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

